

TEMA 2. LIBERALISMO Y NACIONALISMO.

O LIBERALISMO EN FRANCIA.

1. Fai un eixe cronolóxico de Francia desde a Revolución francesa ata as revolucións do século XIX.
2. De que xeito se relacionaron as ideas e movementos liberais en Francia coa guerra de Independencia dos Estados Unidos?
3. Fai un pequeno traballo de investigación sobre Robespierre e o período «do Terror»
4. Por que decidiron atacar Francia as potencias absolutistas? Que consecuencias tivo?
5. Le o texto e responde as preguntas.

A Restauración fora unha desas fases intermedias difíciles de definir. Así como os homes cansos esixen repouso, os feitos consumados esixen garantías. É o que Francia esixiu aos Borbóns despois do Imperio.

Pero a familia predestinada que regresou a Francia á caída de Napoleón tivo a simplicidade fatal de crer que era ela a que daba, e que o que daba podía recuperar; que a casa dos Borbóns posuía o dereito divino, que Francia non posuía nada.

Creu que tiña forza, porque o Imperio desaparecera diante dela; non viu que estaba tamén ela na mesma man que fixera desaparecer a Napoleón. [...] Cando a Restauración pensou que a súa hora chegara, e supúxose vencedora de Napoleón, negoulle á nación o que a facía nación e ao cidadán o que o facía cidadán.

Este é o fondo daqueles famosos decretos chamados as Ordenanzas de Xullo.


A Restauración caeu, e caeu xustamente, aínda que non foi hostil ao progreso e na súa época fixéronse grandes obras e a nación afíxose á discusión tranquila e á grandeza da paz.

A Revolución de Xullo é o triunfo do dereito que derroca o feito. O dereito que triunfa sen ningunha necesidade de violencia. O dereito que é xusto e verdadeiro [...].

A revolución de 1830 foi rapidamente detida, esnaquizada polos hábiles, ou sexa, os mediocres. A revolución de 1830 é unha revolución detida na metade do camiño, na metade do progreso. Quen detén a revolución? A burguesía. Por que? Porque a burguesía é o interese que chegou á súa satisfacción; xa non quere máis, só conservalo. En 1830 a burguesía necesitaba un home que expresase as súas ideas. Este home foi Luís Filipe de Orleáns [...].

Apenas pasaran vinte meses desde a Revolución de Xullo e o ano 1832 comezaba con aspecto de inminente ameaza. A miseria do pobo, os traballadores sen pan, a enfermidade política e a enfermidade social, declaráronse á vez nas dúas capitais do reino: a guerra civil en París, en Lyon a guerra servil. As conspiracións, as conxuras, os levantamentos, o cólera, engadían ao escuro rumor das ideas un tumulto dos acontecementos.

VÍCTOR HUGO, Os miserables.



Con que acontecemento se iniciou o período da Restauración? Por que considera o autor que foi un fracaso?

Copia o fragmento que mellor reflicta o principio de soberanía do pobo.

Investiga. Que foron as Ordenanzas de Xullo?

Explica o que saibas sobre a Revolución de Xullo.

Por que a burguesía xa non formaba parte dos movementos revolucionarios en 1832?

Quen os promoveu?

Que ocorreu en París en 1832?

6. Define os seguintes termos:

María Antonieta

Asemblea Constituínte

Sans culottes

Prefectura

Congreso de Viena

Estados Xerais